



Denominación do título	Máster Universitario en Patrimonio Cultural Dixital
Campus	Campus de Elviña - A Coruña
Centro de adscrición	Facultade de Informática
Coordinador/a	Miguel Ángel Rodríguez Luaces <a href="mailto:miguel.luaces@udc.es">miguel.luaces@udc.es</a> 881011254
Universidades e outros organismos participantes	Interuniversitario. Participan as seguintes universidades: <ul style="list-style-type: none"><li>• Universidade de A Coruña</li><li>• Universidade de Santiago de Compostela</li></ul>
Créditos	90 créditos - Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español/Galego
Páxina web	<a href="https://estudios.udc.es/gl/study/start/4552V01">https://estudios.udc.es/gl/study/start/4552V01</a>

## PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

12 prazas.

## REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

### Requisitos xerais:

#### 1. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).
- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.



- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

## **2. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos alleos o EEES:**

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas](#).
- DNI o pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso aos estudos de Máster debidamente [legalizado](#).
- Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de Máster ou de Posgrao.
- Certificación académica dos estudos realizados debidamente [legalizada](#), na que conste:
  - o A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
  - o As materias cursadas.
  - o A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
  - o A cualificación e a escala de cualificacións.
- [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.

### **Requisitos específicos:**

- Carta de motivación debidamente fundamentada.



No caso daquelas solicitudes de acceso procedentes de titulacións ou ámbitos non directamente relacionados cos coñecementos recomendados para cursar o máster, valoraranse ditos coñecementos no perfil do solicitante a través da carta de motivación debidamente fundamentada e/ou a entrevista persoal co/coa alumno/a.

- O estudiantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de español.

## INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

### **Prioridade nas titulacións de acceso:**

O estudiantado que solicite a súa admisión neste título de máster debe contar con carácter preferente e non excluín-te, con algunha das titulacións de grado correspondentes ás Áreas de [a] Artes e Humanidades; [b] Ciencias Experimentais; [c] Ciencias Sociais e Xurídicas e [d] Enxeñaría e Arquitectura (incluíndo aqueles títulos de grado con denominacións equivalentes ou alternativas ás incluídas no listado).

Tamén poderán ser admitidos/as no Máster o estudiantado procedente doutros títulos universitarios sempre e cando o perfil do seu Currículum acredite os coñecementos mínimos para cursar os estudos do máster. Neste proceso, e para aquelas solicitudes que procedan de ámbitos non directamente relacionados cos coñecementos recomendados do máster, darase preferencia, entre este alumnado solicitante a aqueles perfiles de formación académica, experiencia profesional e/ou orientacións curriculares que acrediten tales contidos e coñecementos recomendados como perfil de ingreso. Tales coñecementos serán valorados pola Comisión Académica, a través dos seguintes criterios de admisión:

- Carta de motivación debidamente fundamentada.
- Entrevista persoal co/coa alumno/a.

Como coñecementos recomendados indícanse os seguintes:

- Arte e Historia da Arte. Coñecementos xerais en humanidades e xestión cultural. Coñecementos relacionais, territoriais e capacidades lingüísticas, especialmente en idiomas modernos.
- Ciencias Naturais e Tecnoloxía (a expresión gráfica, informática, a natureza e características dos procesos naturais e biolóxicos).
- Ciencias Xurídicas e Sociais (os propios do ámbito).



No caso do alumnado que solicite a súa admisión e teña un título de grao diferente aos incluídos nas áreas anteriores, valorarase a súa admisión en función de que poida xustificar que os seus estudos previos conduciran á adquisición dos coñecementos recomendados incluídos nesta mesma sección.

## **Criterios de admisión:**

Os criterios de admisión basearanse nos seguintes aspectos:

1. Adecuación da titulación de acceso ós contidos do máster: 20%
2. Expediente académico: 50%
3. Carta motivada de candidatura: 15
4. Entrevista as persoas candidatas preseleccionadas coa Comisión Académica: 15%

Na valoración da adecuación da titulación terase en conta a existencia de materias relacionadas contidos recomendados para o ingreso ao máster.

Na valoración do expediente académico, para aquelas titulacións non directamente relacionadas cos contidos recomendados de ingreso ao máster, poderá aplicarse un coeficiente multiplicador entre 0,5 e 1 en función do número de materias vinculadas aos coñecementos recomendados.

A carta de motivación debe entregarse co resto da documentación requirida, dentro do período de preinscrición.

As entrevistas realizaranse a través da plataforma Teams. Os/as alumno/as preseleccionados serán convocados para a realización das entrevistas a través dun correo electrónico enviado á dirección indicada na preinscrición. A entrevista de admisión poderá ter carácter excluínte no caso de titulacións non directamente orientadas aos contidos recomendados do máster; a non realización da entrevista poderá supoñer a exclusión do alumno/a.

## **Requisitos xerais da documentación:**

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información [aquí](#)

Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada



pola persoa interesada, se houber discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.

- No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
  - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
  - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)
- Todos os documentos serán copias compulsadas.
- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsa.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.

### **Legalización de documentos:**

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deben presentalos legalizados, pola vía diplomática, ou mediante a Apostila da Haia.

Para legalizalos por vía diplomática deben presentalos nos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediran os documentos.
- Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalizar os documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia, haberá que presentalos no:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediran los documentos.